

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA**  
**IES ANTONIO FRAGUAS**

**Modificacións da Programación anual do Departamento**

O Departamento de Lingua Galega acorda levar a cabo unha serie de modificacións no desenvolvemento da súa Programación anual para adaptarse á nova situación vivida desde mediados do mes de marzo, modificacións relacionadas fundamentalmente cos **Criterios de Avaliación**:

**1º.-** O alumnado que teña superadas as dúas primeiras avaliacións terá a materia aprobada. Non obstante, deberá seguir facendo aquelas tarefas que o profesor ou profesora correspondente lle encomende ata final de curso se quere subir a súa cualificación final. Esta subida poderá ser, como máximo, de dous puntos.

**2º.-** O alumnado que teña suspensa algunha das dúas avaliacións anteriores poderá recuperalas realizando as tarefas que se indiquen. Aquelas e aqueles que recuperen as avaliacións suspensas terán como cualificación final un 5.

**3º.-** A través da páxina web do Centro ou da Aula Virtual, o profesorado deste Departamento indicará as diferentes tarefas que o alumnado deberá facer, segundo a súa situación:

- Recuperar as avaliacións suspensas.
- Seguir realizando tarefas para mellorar a cualificación final.

**4º.- Nota final:** Para o alumnado que xa aprobou as dúas primeiras avaliacións, a nota final será a media das dúas primeiras avaliacións e tamén se terá en conta o traballo realizado a partir do 13 de marzo, que poderá supoñer, como máximo, dous puntos máis. (como dixemos no punto 1º)

**5º.- Alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.** Tal e como se recolle na Programación anual do Departamento, o alumnado que supere a materia no curso no que está actualmente, terá tamén aprobada a materia pendente.

Ademais, aqueles e aquelas que se presentaron ao primeiro exame parcial celebrado no mes de febreiro de 2020 e obtiveron unha cualificación superior a 5, terán xa a materia aprobada.

Para o resto do alumnado coa materia pendente e que non se presentou ao exame parcial do mes de febreiro ou que obtivo unha cualificación inferior a 5, terase en conta o traballo realizado neste terceiro trimestre a través das tarefas que se lles encomende a tal efecto.